

O GALEGO NO ENSINO

A sentenza do Supremo sobre o galego no ensino defende a idea de que as nais e pais non poden impoñer a ignorancia lingüística sobre as fillas e fillos

Para o STEG a recente sentenza do supremo ven poñer un pouco de sentido común no debate dos últimos meses sobre o galego no ensino. Desde o inicio deste debate o STEG defendeu a idea de que a escola debe garantir a competencia lingüística na lingua propia de Galiza (a única non garantida) e que este obxectivo debe ser compartido por toda a sociedade galega para que ningunha crianza fiquen sen esta aprendizaxe e polo tanto non haxa, ao saír da escola, analfabetos lingüísticos.

O debate suscitado por parte dos grupos ultraconservadores sobre a imposición e elección das nais e pais en materia lingüística foi, e é, cualificado polo STEG de falso no tocante á imposición e falaz no tocante ao da elección. Para o STEG ningún dereito das nais e pais sobre as fillas e fillos pode coartar os dereitos das crianzas á aprendizaxe. Non podemos invocar un pretendido dereito de elección para converter ás nosas fillas e fillos en analfabetos lingüísticos. Tampouco se pode invocar para impedir o futuro dereito de elección de lingua das nosas fillas e fillos xa que sería imposible a elección se coartamos o coñecemento.

Neste sentido o STEG valora positivamente a sentenza e felicita a toda a sociedade galega xa que apuntala o camiño da maioría social deste País que desexa e quere o coñecemento do galego, para o que é preciso mellorar as políticas de normalización lingüística e así conseguir o obxectivo da competencia lingüística do noso alumnado.

Demandamos da Administración galega a volta ao sentido común que marca esta sentenza do Supremo e que dea marcha atrás nas accións involucionistas que supuxeron as medidas que leva tomado e que volva ao verdadeiro consenso adoptando as medidas necesarias para inverter a tendencia que anuncian os estudos serios de sociolingüística.

A realidade lingüística e sociolóxica de Galiza- a pesares da perda de galegofalantes- aínda pode invitar ao optimismo se toda a clase política deste país está a altura das circunstancias e, deixando de xogar co idioma, traballa polo obxectivo común de que en Galiza se fale en galego con normalidade.

Secretariado Nacional do STEG
Novembro 2009